PARLAMENTO
DE GALICIA

EMENDAS PRESENTADAS ÁS PNP E MOC PARA O PLENO DO 07/03/2017

PARLAMENTO DE GALICIA

3. Mocións. 3
3.1 10/MOC-000017 (0005662) 3
(0005662) Entrada da iniciativa 4
(0006158) Emendas dos grupos parlamentarios 6
4. Proposicións non de lei ante o pleno. 8
4.1 10/PNP-000046 (0000694) 8
(0000694) Entrada da iniciativa 9
(0006159) Emendas dos Grupos Parlamentarios 15
4.3 10/PNP-000237 (0002514) 16
(0002514) Entrada da iniciativa 17
(0006155) Emendas dos Grupos Parlamentarios 20
(0006161) Emendas dos Grupos Parlamentarios 22
(0006164) Emendas dos Grupos Parlamentarios 23
4.4 10/PNP-000306 (0003696) 25
(0003696) Entrada da iniciativa 26
(0006148) Emendas dos Grupos Parlamentarios 29
4.5 10/PNP-000355 (0004321) 31
(0004321) Entrada da iniciativa 32
(0006135) Emendas dos Grupos Parlamentarios 34
4.6 10/PNP-000425 (0005105) 36
(0005105) Entrada da iniciativa 37
(0005164) Solicitude corrección erros 40
(0006128) Emendas dos Grupos Parlamentarios 41
(0006163) Emendas dos Grupos Parlamentarios 43
4.7 10/PNP-000428 (0005123) 44
(0005123) Entrada da iniciativa 45
(0006145) Emendas dos Grupos Parlamentarios 49
(0006160) Emendas dos Grupos Parlamentarios 51
4.8 10/PNP-000440 (0005245) 53
(0005245) Entrada da iniciativa 54
(0006149) Emendas dos Grupos Parlamentarios 59
(0006162) Emendas dos Grupos Parlamentarios 61

PARLAMENTO DE GALICIA

3. MOCIÓNS.

3.1 10/MOC-000017 (0005662)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Julio Torrado Quintela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para afrontar os problemas relacionados coa violencia no deporte. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 4095, publicada no BOPG n.º 57, do 01.02.2017, e debatida na sesión plenaria do 21.02.2017)

PARLAMENTO DE GALICIA

(0005662) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2017 11:36
Nº Rexistro: 5662
Data envío: 24/02/2017 11:36:26.654

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión Plenaria celebrada o día 21 de febreiro de 2017, sobre as actuacións da Xunta de Galicia para afrontar problemas relacionados coa violencia no deporte (10/INT-000148, doc. núm. 4095)

Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar, dende a Secretaría Xeral para o Deporte, un informe anual de datos sobre a situación e existencia de condutas violentas asociadas ao deporte en Galicia.
2. Constituír un grupo de traballo, coa participación das administracións, federacións, clubs, investigadores, formadores e outros axentes do eido deportivo, que elabore un documento de traballo a partir dunha análise dos datos ofrecidos no informe referido no punto anterior, e propoña as actuacións a levar a cabo.
3. Avanzar na diferenciación de condutas sancionables no deporte adulto, coa aplicación regulamentaria sancionadora, e no deporte de formación, con medidas eminentemente formativas e exemplarizantes.
4. Colaborar coas federacións na formación específica fronte á violencia a clubs, técnicos deportivos, deportistas e todos os axentes implicados no eido deportivo.
5. Promocionar, a través da dotación e recursos á Secretaría Xeral para o Deporte, a realización e participación en actividades que contribúan a fomentar a educación en valores a través do deporte.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2017 11:36
Nº Rexistro: 5662
Data envío: 24/02/2017 11:36:26.654

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

6. Tomar en consideración como valor positivo engadido, a efectos das convocatorias públicas de axudas, e nas colaboracións directas que estime o goberno galego, as actividades participadas e/ou organizadas polos clubs e asociacións deportivas que teñan como obxectivo contribuír a unha cultura de tolerancia e igualdade a través do deporte.

Pazo do Parlamento, 24 de febreiro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 24/02/2017 11:35:46

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 24/02/2017 11:35:51

PARLAMENTO DE GALICIA

(0006158) Emendas dos grupos parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2017 17:57
Nº Rexistro: 6158
Data envío: 06/03/2017 17:57:36.413

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa do seu deputado **Marcos Cal Ogando,** ao abeiro do artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda á Moción,** doc. núm. **5662**, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para afrontar os problemas relacionados coa violencia no deporte, que será debatida na sesión plenaria do día 7 de marzo de 2017. (10/MOC-000017).

EMENDA DE ADICIÓN

Débese engadir, ao final da parte resolutiva, un novo punto:

7.- Introducir a perspectiva de xénero creando un apartado específico para combater as violencias machistas e lgtbifóbicas no deporte, que conte con equipa especializada no tratamento deste tipo de violencia."

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2017.

Asdo.: Marcos Cal Ogando — Deputado do GP de En Marea

Asdo.: Luís Villares Naveira — Voceiro do G.P de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 06/03/2017 17:56:28

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2017 17:57
Nº Rexistro: 6158
Data envío: 06/03/2017 17:57:36.413

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Luis Villares Naveira na data 06/03/2017 17:56:38

PARLAMENTO DE GALICIA

4. PROPOSICIÓNS NON DE LEI ANTE O PLENO.

4.1 10/PNP-000046 (0000694)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Xosé Luís Bará Torres
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Ana Belén Pontón Mondelo
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - María Montserrat Prado Cores
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Noa Presas Bergantiños
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - José Luis Rivas Cruz
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Olalla Rodil Fernández

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto do establecemento dun marco de relacións laborais e negociación colectiva

PARLAMENTO DE GALICIA

(0000694) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2016 11:41
Nº Rexistro: 694
Data envío: 04/11/2016 11:41:03.476

BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e dos deputados **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luís Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores**, **Noa Presas Bergantiños** e **Xosé Luís Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á necesidade dun marco galego de relacións laborais e á defensa da negociación colectiva en Galiza.

Os cambios introducidos nos anos 2011 e 2012 polos sucesivos gobernos españois na normativa legal a través do Real Decreto Lei 7/2011, Real Decreto Lei 3/2012 e a Lei 3/2012, supuxeron unha modificación moi importante do Estatuto dos Traballadores en materia de negociación colectiva, en temas fundamentais como a aplicación e interpretación do convenio colectivo, a flexibilidade interna, a estrutura da negociación colectiva, a lexitimación para negociar ou a concorrencia, prevalencia, contido e vixencia dos convenios colectivos.

A prioridade dos convenios de empresa fronte aos de sector podendo rebaixar o que estes recollen, o limitar a ultra actividade dos convenios a un período máximo dun ano, a facilidade ou a liberdade das empresas para non aplicar un convenio colectivo, teñen xerado un panorama realmente desolador. O contido dos convenios empeorou; os salarios nuns casos diminuíron, noutros quedaron conxelados e noutros tiveron uns incrementos ridículos; cada vez, inaplícanse máis convenios ou simplemente non se negocian e increméntanse as desigualdades salariais entre traballadores e traballadoras dunha mesma empresa e mesmo entre empresas dentro dun mesmo sector.

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2016 11:41
Nº Rexistro: 694
Data envío: 04/11/2016 11:41:03.476

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta é a dura realidade que exemplifica en que medida estas reformas da negociación colectiva están a prexudicar os intereses da clase traballadora xerando un marco de negociación claramente desequilibrado a favor dos intereses da patronal. Estamos a falar, pois, de cambios na normativa laboral, feitos conscientemente polos gobernos españois correspondentes, coa finalidade de provocar unha caída xeneralizada dos salarios, dividir a clase traballadora pola vía da atomización dos convenios e a individualización da negociación das condicións laborais, en definitiva, matar o principal instrumento de participación e de conquista de melloras salariais e laborais que teñen os traballadores e traballadoras.

Este proceso de deterioración das condicións de traballo de amplos sectores da clase obreira, veuse á súa vez agudizado coas sucesivas contrarreformas laborais que facilitaron e abarataron o despedimento, flexibilizaron a contratación facilitando o fraude e a precarización da mesma, facilitaron modificación substancial das condicións de traballo e a distribución irregular da xornada, etc., baixo a falsa xustificación de ser políticas necesarias para poder saír da crise, pondo interesadamente como unha das causas principais da orixe e saída desta as supostas rixideces do mercado laboral, agochando así as verdadeiras razóns desta crise que teñen a súa orixe no modelo económico financeiro de economía especulativa.

Todas estas reformas laborais viñeron a mudar, pois, a razón de ser do dereito do traballo, como un dereito tuitivo e protector da parte máis débil nas relacións laborais, a clase traballadora, para convertelo nunha ferramenta económica ao servizo do beneficio e a competitividade empresarial.

Estamos, xa que logo, nunha situación de emerxencia para a clase traballadora que require por unha banda a derrogación do Real Decreto Lei 7/2011, Real Decreto Lei 3/2012 e a Lei 3/2012 e, por outra, recuperar o protagonismo e o fortalecemento da negociación colectiva e iso non é posíbel sen a participación activa da clase

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2016 11:41
Nº Rexistro: 694
Data envío: 04/11/2016 11:41:03.476

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

traballadora, o cal implica promocionar e potenciar os ámbitos de negociación no que sexan os traballadores e traballadoras afectados, así como os empresarios, os verdadeiros protagonistas a hora de decidir sobre o que se negocia, se acorda e en que termos se fai a negociación. Estamos a falar pois de que calquera ámbito de negociación que afaste esta dos seus directos beneficiarios e dificulte o acceso á información, a toma de decisións e o control sobre esta, debe ser desbotado. En coherencia con isto, consideramos contrario aos intereses da clase traballadora e a unha dinámica que supoña o fortalecemento da negociación colectiva, calquera proceso de estatalización dos convenios hoxe existentes en Galiza, no ámbito provincial ou de empresa.

Todo isto lévanos a reafirmarnos na necesidade de que toda a negociación colectiva debe desenvolverse no ámbito galego, baixo o estrito control e interese da clase traballadora e da patronal galegas, priorizando as unidades de negociación sectorial máis próximas e apostando polo tanto responsabelmente a defender de forma colectiva a autorregulación dunha materia que ten que ser básica a hora de fixar as condicións de traballo e adaptalas á realidade social e económica de Galiza. O cumprimento deste obxectivo contribuiría a superar a realidade que se dá hoxe de que calquera referencia comparada coa media do Estado, do mercado laboral en Galiza, no que se refire a salarios, precariedade, pensións, sinistralidade, emprego e emigración, é negativa para a clase traballadora galega o que pon de manifesto a evidencia de factores estruturais que se obxectivan ao abeiro do marco actual e que polo tanto fan imprescindíbel a necesaria reversión deste marco de relacións laborais.

O respecto a un marco propio de negociación e de relacións laborais en Galiza foi o que motivou a iniciativa de creación no campo institucional de organismos como o Consello Económico e Social (CES) e o Consello Galego de Relacións Laborais (CGRL). A importancia tamén dese marco propio de negociación ponse de manifesto no peso moi maioritario que tradicionalmente tiveron en Galiza os convenios provinciais de sector ou de empresa. O propio CGRL ten elaborado informes e feito

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2016 11:41
Nº Rexistro: 694
Data envío: 04/11/2016 11:41:03.476

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pronunciamentos no sentido da importancia dun Acordo Marco Interconfederal en Galiza que contribuíse a fortalecer a negociación colectiva en Galiza e a superar a actual estrutura atomizada, dispersa e non ben articulada, con sectores sen regulación e outros con problemas de colisión de ámbitos de aplicación.

Diante da situación descrita nos parágrafos anteriores, recoñecendo o carácter da negociación colectiva como fonte de dereito que nos pode permitir superar, en certa medida, o hándicap de que as competencias lexislativas nesta materia sexan do Estado e tendo en conta que é unha peza clave nas relacións laborais en Galiza a hora de fixar as condicións de traballo, dereitos e obrigas, nun sector ou empresa, entre empresari@s e traballador@s, en función da nosa propia realidade socioeconómica e laboral, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza acorda, como resolución, a seguinte declaración de vontade:

1.- Defender a necesidade dun marco galego de relacións laborais.

2.- A defensa dun marco galego de relacións laborais debe conlevar:

a) Que os convenios sectoriais provinciais, autonómicos ou doutro nivel superior ao de empresa, teñan prevalencia non só sobre o convenio de empresa, senón tamén sobre os estatais. Igualmente os acordos sobre materias concretas ou acordos de estrutura a nivel de Galiza deben prevalecer sobre aqueles de ámbito estatal de semellantes características.

b) Reforzar a garantía da ultraactividade ilimitada do convenio colectivo.

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2016 11:41
Nº Rexistro: 694
Data envío: 04/11/2016 11:41:03.476

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

c) Que os convenios sectoriais teñan a consideración de dereitos básicos, polo cal ningún convenio de empresa poderá establecer condicións inferiores ás determinadas polos convenios sectoriais de referencia.

3.- O Parlamento galego acorda apoiar todas aquelas iniciativas, sindicais ou lexislativas, que contribúan a facer viábel este pronunciamento.

4.-O Parlamento galego aproba así mesmo, dar traslado deste pronunciamento a todas as organizacións empresariais e sindicais actuantes en Galiza, así como o Consello Galego de Relacións Laborais."

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2016

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Xosé Luís Rivas Cruz
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Xosé Luís Bará Torres
Deputadas e deputados do G.P. do BNG
Ana Belén Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 04/11/2016 11:40:13

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2016 11:41
Nº Rexistro: 694
Data envio: 04/11/2016 11:41:03.476

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/11/2016 11:40:19

María Montserrat Prado Cores na data 04/11/2016 11:40:26

Noa Presas Bergantiños na data 04/11/2016 11:40:28

Xosé Luis Bará Torres na data 04/11/2016 11:40:32

Ana Pontón Mondelo na data 04/11/2016 11:40:35

PARLAMENTO DE GALICIA

(0006159) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2017 18:08
Nº Rexistro: 6159
Data envío: 06/03/2017 18:08:29.382

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto do establecemento dun marco de relacións laborais e negociación colectiva (doc. núm. 694).

Emenda de modificación

Na parte resolutiva da iniciativa débese substituír o epígrafe do punto 2 e máis a letra a), polo seguinte contido:

2.- A defensa dun marco de relacións laborais debe conlevar:

a) Que os convenios sectoriais provinciais, autonómicos ou doutro nivel superior teñan prevalencia sobre o convenio da empresa.

Pazo do Parlamento, 6 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 06/03/2017 18:05:02

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/03/2017 18:05:24

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

4.3 10/PNP-000237 (0002514)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Pedro Puy Fraga
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Carlos Enrique López Crespo
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Guadalupe Murillo Solís
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Aurelio Alfonso Núñez Centeno
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Ángeles García Míguez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta Rodríguez Arias
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Encarnación Amigo Díaz
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Ángeles Antón Vilasánchez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Raquel Arias Rodríguez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Silvestre José Balseiros Guinarte
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Moisés Blanco Paradelo
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Diego Calvo Pouso
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Jaime Castiñeira Broz
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Teresa Egerique Mosquera
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - César Manuel Fernández Gil

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Consello Galego de Pesca para a elaboración dun informe bianual destinado a mellorar a competitividade e sustentabilidade do sector pesqueiro

PARLAMENTO DE GALICIA

(0002514) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2016 16:30
Nº Rexistro: 2514
Data envío: 23/12/2016 15:50:30.170

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** a través do seu **Portavoz,** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Carlos E. López Crespo, Guadalupe Murillo Solis, Aurelio Núñez Centeno, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Encarna Amigo Díaz, María Antón Vilasánchez, Raquel Arias Rodríguez, Silvestre J. Balseiros Guinarte, Moisés Blanco Paradelo, Diego Calvo Pouso, Jaime Castiñeira Broz, Teresa Egerique Mosquera** e **César Fernández Gil,** ao abeiro do disposto no artigo 160, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno,** polo trámite de **urxencia.**

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos

O Consello Galego de Pesca é un órgano colexiado de participación, consulta e asesoramento da Consellería do Mar nos asuntos da pesca, marisqueo e acuicultura.

A súa principal función é a de colaborar coa Consellería na elaboración da planificación pesqueira, marisqueira e acuícola e na programación de estudos sobre as distintas actividades que poidan favorecer o desenvolvemento do sector pesqueiro galego.

Tamén é función deste consello estudar e propoñer as reformas que considere precisas na regulamentación con incidencia no sector pesqueiro galego, así como propoñer reformas, canalizar recomendacións e achegar suxestións respecto das políticas que afecten ao sector no seu conxunto.

A través deste órgano tamén se lle realizan consultas a outros organismos e institucións ou se lles pide informes e ditames.

O CGP se compón dun pleno, que se ha de reunir polo menos dúas veces ao ano, e un total de dez comisións sectoriais, con temas específicos para cada área.

Coñecedores do importante papel que ten este órgano, onde se atopa representado todo o sector pesqueiro, para velar polos seus intereses e canalizalos do mellor xeito

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2016 16:30
Nº Rexistro: 2514
Data envío: 23/12/2016 15:50:30.170

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

posible, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia, a promover, por parte do Consello Galego de Pesca, a elaboración dun informe con carácter bianual no que plasmar as inquedanzas e problemas, así como tamén obxectivos e liñas de actuación a curto, medio e longo prazo, co senso de mellorar a competitividade e sostibilidade do noso sector pesqueiro."

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 23/12/2016 15:47:14

Carlos Enrique López Crespo na data 23/12/2016 15:47:25

María Guadalupe Murillo Solís na data 23/12/2016 15:47:34

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 23/12/2016 15:47:40

María Ángeles Garcia Míguez na data 23/12/2016 15:47:46

Marta Rodriguez Arias na data 23/12/2016 15:47:53

María Encarnación Amigo Díaz na data 23/12/2016 15:48:03

Maria Antón Vilasánchez na data 23/12/2016 15:48:11

Raquel Arias Rodríguez na data 23/12/2016 15:48:18

Silvestre Balseiros Guinarte na data 23/12/2016 15:48:28

Moisés Blanco Paradelo na data 23/12/2016 15:48:36

Diego Calvo Pouso na data 23/12/2016 15:48:44

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2016 16:30
Nº Rexistro: 2514
Data envío: 23/12/2016 15:50:30.170

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Jaime Castiñeira Broz na data 23/12/2016 15:48:51

Teresa Egerique Mosquera na data 23/12/2016 15:49:00

César Manuel Fernández Gil na data 23/12/2016 15:49:09

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA

(0006155) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2017 17:53
Nº Rexistro: 6155
Data envío: 06/03/2017 17:53:05.725

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa do seu deputado Juan José Merlo Lorenzo e ao abeiro do artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda**, á Proposición non de lei, doc. núm. 2514, do Grupo Parlamentario Popular, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Consello galego de Pesca para a elaboración dun informe bianual destinado a mellorar a competitividade e sustentabilidade do sector pesqueiro, que será debatida na sesión plenaria do día 7 de marzo de 2017 (10/PNP-000237).

EMENDA DE SUBSTITUCIÓN

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

"O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a modificar o Decreto 123/2011 de 16 de xuño, co obxectivo de afondar na coxestión en materia pesqueira. Incrementar a dotación orzamentaria das partidas destinadas á investigación e análise técnica do sector e ás súas pesquerías. Suprimir a capacidade discrecional da Consellería no nomeamento de parte deste órgano."

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2017.

Asdo.: Juan José Merlo Lorenzo, Deputado do GP de En Marea

Asdo.: Luís Villares Naveira, Voceiro do G.P de En Marea

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2017 17:53
Nº Rexistro: 6155
Data envío: 06/03/2017 17:53:05.725

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Juan José Merlo Lorenzo na data 06/03/2017 17:40:51

Luis Villares Naveira na data 06/03/2017 17:43:57

PARLAMENTO DE GALICIA

(0006161) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2017 18:08
Nº Rexistro: 6161
Data envío: 06/03/2017 18:08:55.804

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, María Dolores Toja Suárez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Consello Galego de Pesca para a elaboración dun informe bianual destinado a mellorar a competitividade e sustentabilidade do sector pesqueiro (doc. núm. 2514).

Emenda de modificación

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia, a que promova a elaboración dun informe de carácter anual sobre a situación do sector pesqueiro galego por parte do Consello Galego de Pesca. Este informe debe ser remitido ao Parlamento de Galicia, e celebrarase unha sesión informativa sobre del no seo da Comisión 8ª, de acordo co establecido no artigo 143 do Regulamento do Parlamento. Este informe debe propoñer as reformas que considere precisas na regulamentación pesqueira, marisqueira e acuícola co fin de mellorar a competitividade e a sostibilidade do sector.

Pazo do Parlamento, 6 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 06/03/2017 18:06:57

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/03/2017 18:07:09

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

(0006164) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2017 18:14
Nº Rexistro: 6164
Data envío: 06/03/2017 18:14:00.929

BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, doc. núm. **2514**, **[10/PNP-000237]**, do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Consello Galego de Pesca para a elaboración dun informe bianual destinado a mellorar a competitividade e sustentabilidade do sector pesqueiro, incluída na orde do día da sesión plenaria que se vai celebrar o vindeiro 7 de marzo de 2017.

Emenda de adición:

Engadir, despois de *elaboración dun informe*: "vinculante".

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Deputada do G.P. do BNG
Ana Belén Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 06/03/2017 18:13:36

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2017 18:14
Nº Rexistro: 6164
Data envio: 06/03/2017 18:14:00.929

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 06/03/2017 18:13:41

PARLAMENTO DE GALICIA

4.4 10/PNP-000306 (0003696)

Grupo Parlamentario de En Marea - Carmen Santos Queiruga
Grupo Parlamentario de En Marea - Luis Villares Naveira

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Ministerio de Xustiza do incremento da planta do Ministerio Fiscal en Galicia, así como á Fiscalía Xeral do Estado da designación dun fiscal anticorrupción exclusivo para a comunidade autónoma

PARLAMENTO DE GALICIA

(0003696) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2017 17:22
Nº Rexistro: 3696
Data envío: 18/01/2017 17:22:59.136

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA, a iniciativa da súa deputada Carmen Santos Queiruga e do seu deputado Luís Villares Naveira, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A corrupción, segundo o CIS, representa unha das maiores preocupacións para os cidadáns do Estado. Un problema que pola súa gravidade xera unha enorme alarma social. Correspóndenos a todos os poderes públicos traballar para crear as ferramentas que erradiquen este asunto de raíz.

O CIS non é o único organismo que recolle nos seus informes a corrupción como un problema de enorme calado. Segundo datos da ONG Transparencia Internacional, a percepción da corrupción en España non fixo máis que aumentar nos últimos catro anos, un aumento só equiparable con países como Libia, Turquía ou Brasil.

Casos de corrupción como a Pokemon, Conde Roa ou Campeón, poñen de manifesto que Galicia non é inmune a esta lacra. Son moitas as voces que veñen pedindo máis medios para loitar contra un problema que afecta de forma importante a nosa terra.

Cando falamos de corrupción, falamos tamén dun espolio público a todos os galegos e galegas. No 2013, o exalcalde santiagués do Partido Popular, Santiago Gerardo Conde Roa, foi condenado pola fraude fiscal de 291.000 euros na venda

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2017 17:22
Nº Rexistro: 3696
Data envío: 18/01/2017 17:22:59.136

GRUPO PARLAMENTAR en marea

dunha promoción de vivendas. Cartos que non se declararon e que non puideron ser utilizados, por exemplo, para axudas sociais ou para a promoción económica dos autónomos e das pequenas e medianas empresas.

Álvaro García Ortiz, fiscal e presidente da Unión Progresista de Fiscais, consideraba, nunha entrevista radiofónica en abril do 2016, que "é absolutamente incomprensible que non exista unha fiscalía anticorrupción en Galicia", afirmaba, ademais, que "os fiscais xeneralistas non coñecemos perfectamente os mecanismos de branqueo, de contratación e de inspección fiscal", para continuar, "se existise unha persoa especializada capaz de facelo, como en calquera organización pública ou nun hospital, un especialista fai moito mellor as cousas que calquera xeneralista. É unha demanda que temos dende fai moitísimo tempo, é absolutamente incomprensible que non se fixera".

O señor Álvaro García Ortiz non é o único membro da fiscalía galega que se fai eco desta demanda, así o Fiscal Superior de Galicia, Fernando Suanzes, nunha entrevista recollida nun medio de comunicación escrito, consideraba, en decembro do 2016, que "Galicia, polos delitos de corrupción que rexistra, necesita un fiscal especializado", consideraba que "os delitos relacionados coa corrupción son complexos e necesitan unha investigación precisa e detallada. Tenden a perpetuarse no tempo. Independentemente de canto tarden en instruírse e xulgarse, son delitos que teñen peculiaridades e o mecanismo probatorio non é fácil"

Outras Comunidades Autónomas como Murcia ou Valencia, posúen un fiscal anticorrupción especializado no seu territorio. Dende En Marea, consideramos un agravio que Galicia non conte cun Fiscal anticorrupción propio.

Polo exposto, formulamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2017 17:22
Nº Rexistro: 3696
Data envío: 18/01/2017 17:22:59.136

GRUPO PARLAMENTAR en marea

1. Instar ao Ministerio de Xustiza a que aumente a planta do Ministerio Fiscal en Galicia.

2. Instar á Fiscalía Xeral do Estado a que designe un fiscal anticorrupción exclusivo para Galicia.

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2017.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Luís Villares Naveira

Deputada e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 18/01/2017 17:18:34

Luis Villares Naveira na data 18/01/2017 17:18:39

PARLAMENTO DE GALICIA

(0006148) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2017 17:35
Nº Rexistro: 6148
Data envío: 06/03/2017 17:35:04.147

Grupo Parlamentario

PSG PSOE

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa da deputada **Patricia Vilán Lorenzo,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en **Pleno** do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre a demanda polo Goberno galego ao Ministerio de Xustiza do incremento da planta do Ministerio Fiscal en Galicia, así como á Fiscalía Xeral do Estado da designación dun fiscal anticorrupción exclusivo para a comunidade autónoma (10/PNP-000306, doc. núm. 3696)

Emenda de adición punto 1

Débese engadir ao final do punto 1 da parte resolutiva da proposición non de lei o seguinte contido:

Engadir in fine: "..., creando, como mínimo, novas prazas de Fiscal en Lugo, Santiago, Ourense, Vigo e Cambados."

Emenda de adición punto 2

Débese engadir ao final do punto 2 da parte resolutiva da proposición non de lei o seguinte contido:

Engadir in fine: "... e adscrito ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia."

Pazo do Parlamento, 6 de marzo de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2017 17:35
Nº Rexistro: 6148
Data envío: 06/03/2017 17:35:04.147

Grupo Parlamentario

PSG PSOE

Patricia Vilán Lorenzo na data 06/03/2017 17:34:30

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/03/2017 17:34:35

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

4.5 10/PNP-000355 (0004321)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Abel Fermín Losada Álvarez
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - José Manuel Pérez Seco

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo para o desenvolvemento en Galicia do Real decreto 575/2014, polo que se establecen as bases reguladoras das axudas para o impulso económico das comarcas mineiras do carbón, mediante o desenvolvemento de proxectos de infraestruturas e de restauración de zonas degradadas a causa da actividade mineira

PARLAMENTO DE GALICIA

(0004321) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2017 16:44
Nº Rexistro: 4321
Data envío: 31/01/2017 16:44:50.559

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Losada Álvarez e José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

No BOE do 6 de agosto de 2014, publicouse o Real decreto 675/2014, do 1 de agosto, polo que se establecen as bases reguladoras de axudas para ol impulso económico das comarcas mineiras do carbón, mediante desenvolvemento de proxectos de infraestruturas e proxectos de restauración de zonas degradadas a causa de la actividade mineira.

Que o dito Real decreto establece na propia exposición de motivos que o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo acordou coas organizacións sindicais e empresariais, un marco de actuación para a minaría do carbón e as comarcas mineiras para o período 2013-2018, no que se ten trasladado a necesidade de incluír, entre outras, medidas destinadas a aliviar as consecuencias sociais e rexionais do peche das minas.

Que este real decreto establece e regula a concesión de axudas orientadas a fomentar o desenvolvemento alternativo das comarcas mineiras do carbón, entre outras, para a execución de proxectos de infraestruturas de carácter anual ou plurianual que serán financiadas con cargo aos créditos orzamentarios do Instituto para a Reestruturación da minería do carbón e o desenvolvemento alternativo das comarcas mineiras (IRMC), no marco da política de desenvolvemento alternativo das zonas mineiras do carbón para o período 2013-2018.

Que o ámbito xeográfico establecido para estas axudas, artigo 4, establece que, con carácter excepcional se poderán contemplar actuacións concretas nos concellos afectados pola minaría do carbón na comunidade autónoma de Galicia e que detalla no Anexo II (A Coruña: A Capela,, As Somozas, Carballo, Carral, Cerceda, Culleredo, Laracha, Mañón, Monfero, Ordes, Ortigueira, San Sadurniño, Tordoia, Pontes de García Rodríguez. Lugo: Muras e Xermade).

Que para a selección das actuacións que se pretendan financiar, crearase unha comisión de cooperación entre o Instituto para a reestruturación da minaría do carbón e desenvolvemento alternativo das comarcas mineiras (IRMC) e a Comunidade Autónoma, que se reunirán de modo ordinario, unha vez ao ano.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2017 16:44
Nº Rexistro: 4321
Data envío: 31/01/2017 16:44:50.559

Grupo Parlamentario

PSG PSOE

Partido dos Socialistas de Galicia

Á vista deste Real decreto 675/2014, que entrou en vigor hai case de dous anos e medio, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que:

1º) Se dirixa o Goberno central con fin de constituír á maior brevidade posible, a Comisión de Cooperación.

2º) Estableza unha mesa entre a Comunidade Autónoma galega e os concellos relacionados no anexo II do RD para establecer, á maior brevidade posible, a selección das actuacións e redactar os convenios de colaboración para cada unha das actuacións elixidas.

3º) Convoque, á maior brevidade posible, a Mesa para o desenvolvemento do Plano do carbón 2006-2012, co fin de recuperar os fondos anulados unilateralmente polo Goberno central no ano 2011.

4º) Se dirixa ao Goberno central con fin de recuperar os fondos anulados.

Pazo do Parlamento, 27 de xaneiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 31/01/2017 13:27:19

Abel Fermín Losada Álvarez na data 31/01/2017 13:27:28

Jóse Manuel Pérez Seco na data 31/01/2017 13:27:38

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 31/01/2017 13:27:52

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

(0006135) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2017 17:14
Nº Rexistro: 6135
Data envío: 06/03/2017 17:14:12.085

BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Proposición non de lei en Pleno** do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, con número de rexistro **4321**, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo para o desenvolvemento en Galicia do Real decreto 575/2014, polo que se establecen as bases reguladoras das axudas para o impulso económico das comarcas mineiras do carbón, mediante o desenvolvemento de proxectos de infraestruturas e de restauración de zonas degradadas a causa da actividade mineira, que figura na orde do día do Pleno que se celebrará o vindeiro 7 de marzo de 2017.

Emenda de adición ao 1º punto

Engadir o seguinte texto:

"así como co fin de incluír a Galiza no ámbito xeográfico enunciado no Artigo 4.1 do RD 675/2014, con todos os dereitos reflectidos no mencionado texto lexislativo."

Emenda de substitución dos puntos 3 e 4:

Substituír os puntos 3 e 4 polo seguinte texto:

"Cuantificar as achegas económicas que lle corresponden a As Pontes e a Cerceda relativas a infraestruturas no Plan do Carbón 2006-2012, e demandar do goberno do

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2017 17:14
Nº Rexistro: 6135
Data envío: 06/03/2017 17:14:12.085

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estado, por todas as vías posíbeis, as cantidades que, na vixencia do Plan, non fosen empregadas nas mencionadas actuacións."

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2017.

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
Deputada do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 06/03/2017 17:13:44

Ana Pontón Mondelo na data 06/03/2017 17:13:49

PARLAMENTO DE GALICIA

4.6 10/PNP-000425 (0005105)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Martín Fernández Prado
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Aurelio Alfonso Núñez Centeno
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Jaime Castiñeira Broz
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta Nóvoa Iglesias
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Gonzalo Trenor López
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Julia Rodríguez Barreira
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Antonio Mouriño Villar

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para darlle continuidade á autovía da Costa da Morte

PARLAMENTO DE GALICIA

(0005105) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 09:30
Nº Rexistro: 5105
Data envío: 13/02/2017 18:35:41.994

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa das deputadas e dos deputados **Martín Fernández Prado, Aurelio Núñez Centeno, Jaime Castiñeira Broz, Marta Novoa Iglesias, Gonzalo Trénor López, Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna, Julia Rodríguez Barreira e Antonio Mouriño Villar** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esta Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno**:

Exposición de motivos

Nos últimos anos, a Xunta de Galicia vén facendo un grande esforzo para seguir avanzando na vertebración do territorio e contribuíndo á unha maior competitividade e á igualdade de oportunidades dos galegos.

A pesar das dificultades derivadas da crise económica, na pasada lexislatura o Goberno galego foi quen de continuar desenvolvendo vías de altas prestacións, incrementando en máis dun 66% a rede de alta capacidade con respecto ao ano 2009: 120 novos quilómetros de vías de altas prestacións libres de peaxe, que permiten que o 80% da poboación se atope actualmente a menos de 15 minutos dunha vía de alta capacidade.

Un dos maiores exemplos deste avance témolo na Autovía da Costa da Morte, posta en servizo o 29 de xullo do pasado ano. 27 novos quilómetros libres de peaxe (25 quilómetros de autovía entre Carballo e Baio e 2 quilómetros da variante de Baio), que supoñen unha transformación nas comunicacións dunha comarca na que habitan 120.000 persoas, e incide na mellora da calidade de vida e benestar de todos os veciños da zona, máis alá dos cinco concellos polos que discorre o trazado.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 09:30
Nº Rexistro: 5105
Data envío: 13/02/2017 18:35:41.994

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Con esta nova infraestrutura, a Xunta daba continuidade á vía de altas prestacións existente e facíao na zona de maior tráfico, xa que Carballo é o núcleo de maior poboación e o centro de actividades administrativas da comarca.

Unha vez que o treito principal da autovía da Costa da Morte xa está en servizo desde o pasado verán, cómpre agora que o Goberno galego continúe traballando e dando os pasos necesarios que permitan acometer a prolongación da conexión ata o concello de Vimianzo, nunha primeira fase, tal e como ten comprometido o propio presidente da Xunta, continuando así a aposta pola vertebración das comarcas de Bergantiños, Soneira e Fisterra.

É por iso que o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a darlle continuidade a Autovía da Costa da Morte, comezando por unha primeira fase que conecte Baio e a AC-432, en dirección a Camariñas, avanzando este mesmo ano nos trámites necesarios para a redacción do proxecto construtivo e dispoñendo as anualidades necesarias nos Orzamentos da Xunta para que esta infraestrutura sexa unha realidade na presente lexislatura".

Santiago de Compostela, 13 de Febreiro 2017

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 09:30
Nº Rexistro: 5105
Data envío: 13/02/2017 18:35:41.994

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 13/02/2017 18:33:41

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 13/02/2017 18:33:56

Jaime Castiñeira Broz na data 13/02/2017 18:34:12

Marta Novoa Iglesias na data 13/02/2017 18:34:20

Antonio Mouriño Villar na data 13/02/2017 18:34:36

María Julia Rodriguez Barreira na data 13/02/2017 18:34:46

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 13/02/2017 18:34:56

Gonzalo Trenor López na data 13/02/2017 18:35:13

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0005164) Solicitude corrección erros

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2017 09:30
Nº Rexistro: 5164
Data envío: 14/02/2017 18:48:54.185

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e advertido un erro nos documentos con número de Rexistro: 5104 e 5105, solicita a inclusión da firma do portavoz Pedro Puy Fraga nos mesmos.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 14/02/2017 18:47:05

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA

(0006128) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2017 17:09
Nº Rexistro: 6128
Data envío: 06/03/2017 17:09:44.975

BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, doc. núm. **5105**, **[10/PNP-000425]**, do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para darlle continuidade á autovía da Costa da Morte, incluída na orde do día da sesión plenaria que se vai celebrar o vindeiro 7 de marzo de 2017.

Emenda de substitución:

Proponse a substitución da parte resolutiva polo seguinte texto:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a darlle continuidade á Autovía da Costa da Morte, comezando por unha primeira fase que conecte Baio con Berdoias, avanzando este mesmo ano nos trámites necesarios para a redacción do proxecto construtivo e dispoñendo as anualidades necesarias nos Orzamentos da Xunta para que esta infraestrutura ata Cee sexa unha realidade na presente lexislatura."

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**
Deputado do G.P. do BNG
Ana Belén Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2017 17:09
Nº Rexistro: 6128
Data envio: 06/03/2017 17:09:44.975

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/03/2017 17:08:13

Ana Pontón Mondelo na data 06/03/2017 17:08:20

PARLAMENTO DE GALICIA

(0006163) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2017 18:09
Nº Rexistro: 6163
Data envío: 06/03/2017 18:09:13.475

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, María Dolores Toja Suárez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para darlle continuidade á autovía da Costa da Morte (doc. núm. 5105).

Emenda de modificación

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º) Darlle continuidade a autovía da Costa da Morte, comezando por unha primeira fase que conecte Baio coa AC-432, en dirección Camariñas, incorporando un enlace con polígono industrial de Vimianzo, avanzando este mesmo ano nos trámites necesarios para a licitación do proxecto, e garantindo que esta infraestrutura estea operativa no ano 2019.

2º) Iniciar os trámites necesarios para completar o proxecto xeral da autovía ata a súa chegada a Berdoias. Neste exercicio 2017 contratarase a redacción do proxecto, a licitación producirase en 2018 e terá un prazo máximo de finalización de 24 meses.

Pazo do Parlamento, 6 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 06/03/2017 18:06:03

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/03/2017 18:06:20

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

4.7 10/PNP-000428 (0005123)

Grupo Parlamentario de En Marea - Paula Vázquez Verao

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acordo parlamentario referido á apertura dunha mesa de diálogo entre a patronal e os sindicatos, coa mediación do Consello Galego de Relacións Laborais, para adoptar acordos que permitan a recuperación dos salarios ata acadar a media estatal e acadar a igualdade salarial efectiva entre homes e mulleres para o ano 2020, así como dar resposta ás necesidades de conciliación entre a vida laboral e familiar

PARLAMENTO DE GALICIA

(0005123) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 10:29
Nº Rexistro: 5123
Data envío: 14/02/2017 10:29:25.595

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea,** a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao,** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira,** ao abeiro do establecido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A violencia económica exercida contra as mulleres polo poder económico e político preséntase en forma de discriminación salarial, pensións máis baixas, contratos máis precarios, traballo doméstico e de coidado de menores, maiores e dependentes gratuíto, entre outros aspectos.

Poderíamos considerar como violencia institucional a que exercen as institucións sobre as mulleres cando non actúan para amparar os seus dereitos.

Unha das moitas violencias contra as mulleres é a exercida a través dos salarios e as condicións laborais: que unha muller cobre menos que un home polo mesmo traballo, ou que sistematicamente teñan traballos máis precarios e peor valorados e remunerados, está a indicar a ese home e a todos os homes que as mulleres son inferiores nas súas capacidades e que aportan menos á sociedade co seu traballo. É dicir, estase desvalorizando socialmente ás mulleres.

Polo tanto, se a violencia de xénero ten a súa orixe no dominio dun sexo sobre o outro ao que considera inferior, que os gobernos sigan a permitir tales

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 10:29
Nº Rexistro: 5123
Data envío: 14/02/2017 10:29:25.595

ilegalidades e discriminacións da muller non fai máis que afondar na orixe do conflito.

Unha traballadora galega gaña, de media, un 20% menos que un home polo mesmo traballo e xornada. As mulleres menores de 30 anos soportan taxas de temporalidade superiores ao 60%, independentemente do seu nivel formativo.

A falta de oportunidade laboral que padecen as mulleres é evidente na análise sectorial do mundo do traballo: 9 de cada 10 traballadoras galegas pertencen ao sector servizos.

Segundo datos de CCOO, a contratación a tempo parcial afecta a 108.300 mulleres fronte a 33.200 homes en Galiza. O 63 % delas aceptaron ese tipo de contrato por non encontrar traballo a tempo completo. Ademais, un 13% das mulleres aceptaron un traballo a tempo parcial para atender o coidado de menores ou persoas adultas enfermas ou dependentes, fronte a só un 2% dos homes.

A taxa de temporalidade é dun 27,5% nas mulleres, fronte a un 23,6 % nos homes.

Segundo un estudio da CIG, na actualidade hai menos asalariadas que en 2009 en todos os tramos de ingresos excepto nos máis baixos, de xeito que hoxe o 20% do total de asalariadas galegas ingresa menos da metade do SMI -é dicir, ingresos inferiores a 4.953 euros ao ano- e outro 16% tivo ingresos entre a metade e o SMI -isto é, entre 4.953 e 9.906 euros ao ano-.

Un 42% das mulleres desempregadas que están buscando un posto de traballo levan máis de dous anos intentándoo.

Só o 2,4% das mulleres traballadoras galegas ocupa postos de dirección fronte ao 4,9% dos homes.

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 10:29
Nº Rexistro: 5123
Data envío: 14/02/2017 10:29:25.595

GRUPO PARLAMENTAR en marea

O 28 decembro 2016, a iniciativa do G.P. de En Marea, foi aprobada por unanimidade do Parlamento de Galiza unha Moción que instaba á Xunta a abrir una mesa de diálogo entre a patronal e os sindicatos, coa mediación do Consello Galego de Relacións Laborais, para adoptar acordos que permitan iniciar a recuperación dos salarios galegos ata acadar a media estatal e acadar a igualdade salarial efectiva entre homes e mulleres para o ano 2020.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

o Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Presentar un informe na próxima sesión do Pleno do Parlamento en relación coa mesa de diálogo entre patronal e sindicatos, con mediación do CGRL, aprobada na sesión do 28 de decembro de 2016.
2. Elaborar en colaboración con patronal e sindicatos un Plan de Escolas Infantís vinculadas ao mundo do traballo que dea resposta ás necesidades de conciliación entre a vida laboral e familiar da clase traballadora.
3. Elaborar en colaboración cos sindicatos máis representativos no ámbito da Xunta un Plan de Escolas Infantís vinculadas aos seus centros de traballo que dea resposta ás necesidades de conciliación entre a vida laboral e familiar das e dos traballadores públicos e de todo o persoal de empresas externas que desenvolvan a súa xornada laboral en centros da Xunta de Galicia.
4. Aumentar a rede de atención á dependencia de xeito que todas as comarcas do país teñan prazas suficientes tanto en centros de internamento como en centros de día con horarios compatibles coa xornada laboral, e unidades de HADO para dar resposta ás necesidades da súa poboación.

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 10:29
Nº Rexistro: 5123
Data envío: 14/02/2017 10:29:25.595

GRUPO PARLAMENTAR en marea

5. Obrigar e vixiar o cumprimento duns parámetros mínimos de calidade nos contidos da RTVG, que difundan valores de convivencia, protexan a infancia, non fomenten ningún tipo de discriminación, non reproduzan estereotipos de xénero e respecten os dereitos laborais dos e das súas profesionais.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 14/02/2017 10:28:15

Luis Villares Naveira na data 14/02/2017 10:28:24

PARLAMENTO DE GALICIA

(0006145) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2017 17:26
Nº Rexistro: 6145
Data envío: 06/03/2017 17:26:02.741

BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, doc. núm. **5123**, **[10/PNP-000428]**, do Grupo Parlamentar de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acordo parlamentario referido á apertura dunha mesa de diálogo entre a patronal e os sindicatos, coa mediación do Consello Galego de Relacións Laborais, para adoptar acordos que permitan a recuperación dos salarios ata acadar a media estatal e acadar a igualdade salarial efectiva entre homes e mulleres para o ano 2020, así como dar resposta ás necesidades de conciliación entre a vida laboral e familiar, incluída na orde do día da sesión plenaria que se vai celebrar o vindeiro 7 de marzo de 2017.

Emenda de adición:

No apartado 2, despois de escolas infantís, engadir "públicas".

Emenda de adición:

No apartado 3, despois de escolas infantís ,engadir "públicas".

Emenda de adición:

No apartado 4, despois de: de xeito que todas as comarcas do país teñan prazas, engadir "públicas".

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2017 17:26
Nº Rexistro: 6145
Data envío: 06/03/2017 17:26:02.741

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Emenda de supresión:

No apartado 5, despois de parámetros, suprimir"mínimos".

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Deputada do G.P. do BNG
Ana Belén Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 06/03/2017 17:25:29

Ana Pontón Mondelo na data 06/03/2017 17:25:34

PARLAMENTO DE GALICIA

(0006160) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2017 18:08
Nº Rexistro: 6160
Data envío: 06/03/2017 18:08:44.569

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa da deputada **María Ángeles García Míguez**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de Lei en Pleno do Grupo Parlamentario de En Marea, 5123 (10/PNC-000428), Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acordo parlamentario referido á apertura dunha mesa de diálogo entre a patronal e os sindicatos, coa mediación do Consello Galego de Relacións Laborais, para adoptar acordos que permitan a recuperación dos salarios ata acadar a media estatal e acadar a igualdade salarial efectiva entre homes e mulleres para o ano 2020, así como dar resposta ás necesidades de conciliación entre a vida laboral e familiar.

Emenda de substitución.

Débese substituír a parte resolutiva polo que se segue a continuación:

"O Parlamento de Galicia acorda:

1. Instar á Xunta de Galicia a informar ao Parlamento neste período de sesións en relación coa mesa de diálogo entre patronal e sindicatos, con mediación do Consello Galego de Relacións Laborais, aprobada na sesión do 28 de decembro de 2016.

2. Instar á Xunta de Galicia a completar, contando coa opinión do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, un mapa de recursos de conciliación que mellore a capacidade de conciliar vida laboral, social e familiar aos homes e mulleres de todo o país mediante a apertura de novas escolas infantís e casas-niño nos concellos, a dotación de escolas infantís a contornas de traballo como os polígonos empresariais ou os edificios administrativos, a potenciación do bono-coidado e a priorización da atención á dependencia mediante servizos como a teleasistencia, a extensión da rede de centros de día ou a posta en marcha de novas residencias de maiores nas sete grandes cidades galegas.

3. Instar á Xunta de Galicia a reforzar a sensibilización en materia de corresponsabilidade nas tarefas domésticas e a manter o fomento da redución de xornada de homes para o coidado dos seus fillos e fillas.

4. Obrigar e vixiar o cumprimento duns parámetros mínimos de calidade nos contidos da RTVG, que difundan valores de convivencia, protexan a infancia, non fomenten ningún tipo de discriminación, non reproduzan estereotipos de xénero e respecten os dereitos laborais dos e das súas profesionais".

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO
DE GALICIA

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2017 18:08
Nº Rexistro: 6160
Data envío: 06/03/2017 18:08:44.569

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 06/03/2017 18:06:50

María Ángeles Garcia Míguez na data 06/03/2017 18:07:06

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA

4.8 10/PNP-000440 (0005245)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Noa Presas Bergantiños
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Ana Belén Pontón Mondelo
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Olalla Rodil Fernández
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - José Luis Rivas Cruz
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - María Montserrat Prado Cores
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Xosé Luís Bará Torres

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes

PARLAMENTO DE GALICIA

(0005245) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2017 13:22
Nº Rexistro: 5245
Data envío: 16/02/2017 13:22:37.655

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Hai xa máis de cen anos que o movemento feminista estendeu o 8 de marzo como unha data internacional e referencial na loita pola igualdade de dereitos das mulleres. Na actualidade esta data simboliza a loita incansábel de moitas mulleres e colectivos de mulleres de todo o mundo na defensa da igualdade, especialmente no ámbito laboral, e que teñen contribuído a conquistar numerosos avances en materia de dereitos. Porén, contamos con numerosos indicativos que amosan como a igualdade real é un obxectivo aínda lonxe de conquistar.

Organismos e observatorios tanto internacionais como galegos teñen alertado da enorme desigualdade que aínda sufrimos as mulleres no mundo. Deste xeito, podemos observar o que nos indica o último informe de outubro de 2016 do Foro Económico Mundial, no que se avalían indicadores a educación, as saúde, as oportunidades económicas e o empoderamento político. Nel podemos observar como malia ter marcado internacionalmente a ONU a data de caducidade para a desigualdade de xénero no 2030 no marco da Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostíbel, o avance global é dunha lentitude alarmante. Así, no informe do Foro Económico Mundial advirte que a igualdade entre homes e mulleres podería demorar 170 anos cando no informe anterior

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2017 13:22
Nº Rexistro: 5245
Data envío: 16/02/2017 13:22:37.655

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

se estimaban 118; unha regresión á que, como recoñece o propio informe, contribúe o feito de térense freado de forma drástica os avances na materia.

O informe evidencia a desigualdade vixente cifrando a fenda entre homes e mulleres nun 59% para o 2016, a maior desde 2008. Indica como a pesares de traballar de media máis horas, as mulleres gañan de media pouco máis da metade do que os homes e como se ten estancado a participación das mulleres no mundo laboral: unha media dun 54% de mulleres activas laboralmente fronte a un 81% dos homes. Esta desigualdade pode observarse tamén de forma clara e especialmente simbólica nos postos de responsabilidade que ocupan as mulleres, pois só hai catro países en todo o mundo co mesmo número de homes e mulleres en postos lexislativos, por exemplo.

As consecuencias da crise económica e o empeoramento das condicións laborais a partir das reformas laborais de PP e PSOE teñen contribuído tamén a profundar na desigualdade. Deste xeito, somos as mulleres quen ocupamos as peores porcentaxes de traballo precario, temporal, parcial e bolsas de traballo fóra da lei nun marco onde a lexislación e a inspección son aínda insuficientes. Esta desigualdade esténdese tamén ao ámbito do traballo non remunerado, na que o reparto das responsabilidades repercute negativamente sobre quen agora recibimos a sobrecarga derivada da redución do apoio ás necesidades de coidados coa desculpa da crise económica.

Un contexto no que as condicións materiais de vida empeoraron grazas ás políticas de recortes do PP e no que a redución salvaxe do gasto social perxudica de maneira maioritaria ás mulleres deixa un país no que os datos máis recentes acrecentan a preocupación. Por exemplo, os datos recentes do IGE e da EPA indican a tendencia decrecente da taxa de actividade das mulleres, xa que ademais de ser case dez puntos inferior á dos homes (48,7% fronte ao 58,4 no 2016) podemos observar como mentres esta taxa se incrementou para os homes tivo un comportamento oposto no caso das mulleres.

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2017 13:22
Nº Rexistro: 5245
Data envío: 16/02/2017 13:22:37.655

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Doutra banda, as situacións de acoso laboral exercido sobre as mulleres traballadoras debe centrar a nosa atención. Segundo os datos feitos públicos polo propio Consello Xeral do Poder Xudicial, Galiza é a segunda comunidade despois da de Madrid na que máis demandas por problemas de conciliación se presentan e ademais, nos últimos tempos foron coñecidos preocupantes casos de acoso laboral e machista como os de Clece ou Hedegasa que constitúen exemplos de violencia laboral e violencia machista.

Pasaron xa máis de dez anos da aprobación da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes e a vixencia da situación de desigualdade así como as mudanzas e avances colectivos no recoñecemento e visibilización das múltiples formas de violencia contras as mulleres obrigan a avaliarmos a vixencia ou non deste marco e a necesidade de introducir modificacións e mesmo elaborar un novo marco legal que dea cabida ás necesidades e novos retos do futuro inmediato.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento galego acorda:

- instar á Xunta de Galiza a elaborar un estudo sobre o impacto, grao de cumprimento e vixencia da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes en colaboración co Parlamento galego e participado por axentes sociais, sindicais e organizacións e colectivos feministas para valorar a necesidade da elaboración dunha nova lei.

- estudar a modificación da Lei 7/2004 para a igualdade de mulleres e homes de cara a estudar o fomento de medidas de igualdade en empresas de máis de 300

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2017 13:22
Nº Rexistro: 5245
Data envío: 16/02/2017 13:22:37.655

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

traballadores e traballadoras como a incorporación de centros de infantil ou a dotación de axudas para favorecer a conciliación.

- modificar a Lei 7/2004 para a igualdade de mulleres e homes para mellorar os capítulos V de erradicación do acoso moral por razón de xénero e capítulo IV de medidas de prevención e de sanción do acoso sexual, especialmente os artigos 51 e 52 referidos ao procedemento e infraccións disciplinarias de cara a incrementar o réxime sancionador ás empresas que cometan accións de discriminación salarial ou profesional por cuestión de xénero e garantir unha maior atención ás vítimas."

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz
Montserrat Prado Cores
Luis Bará Torres
Deputadas e deputados do G.P. do BNG
Ana Belén Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 16/02/2017 13:00:31

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2017 13:22
Nº Rexistro: 5245
Data envio: 16/02/2017 13:22:37.655

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 16/02/2017 13:00:37

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/02/2017 13:00:41

María Montserrat Prado Cores na data 16/02/2017 13:00:46

Xosé Luis Bará Torres na data 16/02/2017 13:00:48

Ana Pontón Mondelo na data 16/02/2017 13:00:52

PARLAMENTO DE GALICIA

(0006149) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2017 17:35
Nº Rexistro: 6149
Data envío: 06/03/2017 17:35:28.038

Grupo Parlamentario

PSG PSOE

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa da deputada **María Luisa Pierres López,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en **Pleno** do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes (10/PNP-000440, doc. núm. 5245)

Emenda de modificación

Débese modificar a parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactada co seguinte contido:

"O Parlamento galego acorda:

- Instar a Xunta de Galiza a elaborar un estudo sobre o impacto, grao de cumprimento e vixencia do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade en colaboración co Parlamento galego e participado por axentes sociais, sindicais e organizacións e colectivos feministas.

- Estudar a modificación do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade para o fomento de plans de igualdade en empresas de máis de 150 traballadores e traballadoras.

- Modificar o Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade para mellorar os capítulos V de erradicación do acoso moral por razón de xénero e capítulo IV de medidas de prevención e de sanción do acoso sexual, especialmente os artigos 60 e 61 referidos ao procedemento e infraccións disciplinarias de cara a incrementar o réxime sancionador ás empresas que cometan accións de

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2017 17:35
Nº Rexistro: 6149
Data envío: 06/03/2017 17:35:28.038

Grupo Parlamentario

PSG PSOE

discriminación salarial ou profesional por cuestión de xénero e garantir unha maior atención ás vítimas."

Pazo do Parlamento, 6 de marzo de 2017

Partido dos Socialistas de Galicia

Asdo.: María Luisa Pierres López
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 06/03/2017 17:33:57

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/03/2017 17:34:03

PARLAMENTO DE GALICIA

(0006162) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2017 18:09
Nº Rexistro: 6162
Data envío: 06/03/2017 18:09:06.475

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa da deputada **María Ángeles García Míguez**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de Lei en Pleno do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista galego, 5245(10/PNP-000440), Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes

Emenda de substitución.

Débese substituír a parte resolutiva polo que se segue a continuación:

"O Parlamento de Galicia acorda:

1.- Que, dentro do plan de traballo da Comisión non Permanente de estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres se inclúa o estudo e a avaliación do impacto, grao de cumprimento e vixencia do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, contando coa participación dos axentes sociais, sindicais e organizacións e colectivos feministas.

2.- Instar á Xunta de Galicia a desenvolver o Protocolo contra o acoso laboral na administración pública no que atinxe ao acoso sexual".

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2.017.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 06/03/2017 18:07:43

María Ángeles Garcia Míguez na data 06/03/2017 18:08:00

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO
DE GALICIA